



# CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
631/2024	A Xunta de Goberno Local	11/06/2024

D. Juan F. Sánchez González, Secretario Xeral do Concello de Poio,

**CERTIFICA:** Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión realizada na data arriba indicada, adoptou entre outros o seguinte acordo

**22243.-CONTRATACIÓN.-EXPTE.: 631/2024. CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ANTICIPADA "SUBMINISTRACIÓN DE UNIFORMIDADE PARA A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE POIO"**

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

## RESOLUCIÓN

Dáse conta do expediente electrónico número 631/2024 co seguinte resumo de antecedentes-documentación:

- Memoria xustificativa da necesidade da contratación, asinada pola Alcaldía o 30 de maio de 2024.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas asinados o 30 de maio de 2024 para contratar, por procedemento aberto simplificado, tramitación anticipada, a "Subministración de uniformidade para a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Poio".
- Informe emitido o 30 de maio de 2024 pola interventora municipal.
- Informe xurídico emitido o 31 de maio de 2024 polo secretario xeral do Concello.
- Proposta da Alcaldía de 31 de maio de 2024.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, polo voto favorable das/os sei concelleiras /os presentes sendo este o número legal da súa composición, en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 28 de xuño de 2023, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de dous de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) **acorda, de conformidade coa proposta da Alcaldía de 31 de maio de 2024, obrante no expediente 631/2024:**





## Concello de Poio

**Primeiro:** Prestar aprobación ao expediente de contratación por procedemento aberto simplificado, tramitación anticipada para a subministración de uniformidade para a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Poio”, que contén prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, cunha duración de dúas anualidades, comezando a súa vixencia o un de xaneiro de 2025 e, se isto non fose posible, desde o día seguinte ao da formalización do contrato, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación de gasto anticipada, debendo consignarse crédito suficiente para responder das obrigas que se deriven do contrato na vindeira anualidade 2025 (na que comeza a execución do contrato), e na seguinte 2026; a consignación deberá realizarse na aplicación 135.22104 do estado de gastos do Orzamento do exercicio 2025 quedando a adxudicación condicionada a tal consignación.

E para que conste expide a presente de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, coa salvidade do art. 206 do ROF e RXEL, de 28 de novembro de 1986.

O secretario Xeral.

Poio, na data que figura na sinatura dixital á marxe

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

